



## CAMPO DE VOLUNTARIADO “OS CAMPOS DO CAMIÑO- PALAS DE REI” (PALAS DE REI – LUGO)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
15-26/07/2020	18-30	Autonómico	Dinamización	12

### LOCALIZACIÓN



Palas de Rei é un concello interior da provincia de Lugo. Dista uns 30 km da capital lucense e 65 km da capital galega, Santiago de Compostela.

A historia de Palas de Rei preséntase intimamente unida á cultura castrexa, conservando aínda hoxe numerosos restos arqueolóxicos (mámoas,

dólmenes e castros) testemuñas dun remoto asentamento. Segundo a tradición, o concello debe o seu nome “Pallatium Regis” ao pazo do rei visigodo Witiza, que reinaría entre os anos 702 e 710. En Palas, Witiza suponse que matara ao Duque de Galicia, Favila, pai de Don Pelaio.

### DESCRIPCIÓN DO CAMPO

Os voluntarios e as voluntarias do Camiño no seu percorrido diario en bici darán información sobre o Camiño, etapas, etc., apoio e ánimo.

Acometeranse accións de acondicionamento de sendeiros no contorno do Camiño.

Na área do albergue de peregrinos dos Chacotes, faranse actuacións dinamizadoras consistentes na organización de actividades para os peregrinos (charlas, coloquios, obradoiros...)

Faremos unha Web-app do Camiño: para a difusión dos campos do Camiño e para difundir o feito das peregrinacións e a preparación para o ano Xacobeo 2021.

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Descubrindo o CAMIÑO DE SANTIAGO.
- Excursión a Santiago de Compostela e a Lugo.
- Obradoiro de música tradicional.
- Rutas de sendeirismo.
- Etapa do Camiño Palas-Melide
- Piscina
- Kayak en Monterroso

- Habitación de escapismo.

### COMO CHEGAR

Por estrada, dende A Coruña, pódese viaxar coa empresa [www.arriva.gal](http://www.arriva.gal) e desde Santiago de Compostela ou dende Lugo con [www.empresafreire.com](http://www.empresafreire.com).

A estación de tren de Teixeira, en Curtis, dispón de conexións diarias á Coruña e a Lugo [www.renfe.es](http://www.renfe.es). Dende Teixeira ata Palas, por estrada, pódese viaxar con [www.arriva.gal](http://www.arriva.gal).

### ALOXAMENTO

En tendas de campaña no campamento xuvenil dos Chacotes, en Palas de Rei.

<http://xuventude.xunta.es/component/k2/item/11205-campamento-xuvenil-os-chacotes-palas-de-rei>



### INCORPORACIÓN. PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día a partir das 19.00 h, na parada de autobús no centro de Palas de Rei.

### COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

### DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe acreditarse cos pertinentes informes médicos e/ou do hospital en que se encontrara ingresado o/a interesado/a.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes



## CAMPO DE VOLUNTARIADO “OS CAMPOS DO CAMIÑO- PALAS DE REI” (PALAS DE REI – LUGO)

médicos e/ou do hospital onde se atope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, de ser o caso.



### EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo (neceser completo) e toalla de ducha.
- Saco de durmir e mochila para as rotas.
- Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo
- Roupa: de deporte (suadoiros...), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa idónea para poder realizar o traballo no caso de choiva ou frío), de auga (chuvasqueiro), de traballo (guantes, gorro)

### DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

### SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

### CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tfno.: 981 957 115

[camposdetraballo.xuventude@xunta.gal](mailto:camposdetraballo.xuventude@xunta.gal)

[www.facebook.com/xuventude.net](http://www.facebook.com/xuventude.net)

### INFORMACIÓN ADICIONAL

[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net). Portal da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos de traballo, ocio e tempo libre, actividades, formación...

[www.xacobeo.es](http://www.xacobeo.es). Páxina oficial sobre o Camiño de Santiago e outros eventos

[www.turgalicia.es](http://www.turgalicia.es). Portal de información turística de Galicia